

LER
PARA
SABER


PREMIO EDEBÉ
DE LITERATURA
XUVENIL

O EFECTO FRANKENSTEIN

ELIA BARCELÓ

rodeira

Estratexias de animación á lectura



rodeira

A close-up photograph of two children's faces, their skin appearing cracked and textured, set against a dark background. The image is split vertically, with the left side showing a boy's face and the right side showing a girl's face. Both children have large, expressive eyes.

**LER
PARA
SABER**

**Estratexias
de animación
á lectura**

LIBRO: O EFECTO FRANKENSTEIN								
INTELIXENCIAS MÚLTIPLES								
Estratexia								
1	X						X	X
2	X		X				X	X
3	X	X	X	X			X	X
4	X						X	X
5	X		X				X	X
6	X		X			X	X	X

LIBRO: O EFECTO FRANKENSTEIN											
COMPETENCIAS BÁSICAS											
ESTRATEGIA											
	ESCOITAR	FALAR	LER	ESCRIBIR	COMPETENCIA MATEMÁTICA	COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA	COMPETENCIA DIXITAL	COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS	CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS	COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER	SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREENDEDOR
1	X	X	X	X			X	X	X	X	X
2	X	X	X	X				X	X	X	X
3	X	X	X	X	X		X	X	X	X	X
4	X	X	X	X				X		X	X
5	X	X	X	X		X	X	X	X	X	X
6	X	X	X	X		X	X	X	X	X	X

OBXECTIVOS XERAIS

- * Promover o hábito da lectura.
- * Desenvolver a expresión oral e escrita.
- * Fomentar a capacidade crítica.
- * Potenciar o gusto pola estética.
- * Fomentar a empatía.
- * Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en grupo.
- * Fomentar a igualdade entre sexos.



ORIENTACIÓNS

As actividades que se propoñen pódense traballar en distintos graos de profundidade, en función dos intereses do grupo ou do profesor, e están baseadas nas rutinas de pensamento e no traballo cooperativo.

As rutinas de pensamento son estruturas coas que os alumnos, de xeito individual ou colectivo, inician, discuten ou xestionan o seu pensamento á vez que descubren modelos de conduta que permiten empregar a mente para xerar pensamentos, reflexionar e razoar.

A lectura desta novela pode dar pé ao traballo de aspectos como son:

- ▼ O amor.
- ▼ A amizade.
- ▼ A solidariedade.
- ▼ A tolerancia.
- ▼ A igualdade entre os sexos.

A maioría das actividades que se propoñen están pensadas para traballar en grupos reducidos ou con todo o grupo clase. Polo tanto, consideramos importante que o/a profesor/a intente promover un bo clima na aula, onde se respire confianza e respecto por todas as opinións expostas polos alumnos.

ACTIVIDADE 1:

(Antes da lectura): **«PENSA E COMPARTE»**

OBXECTIVOS XERAIS

- * Promover a reflexión e a análise.
- * Fomentar a interacción mutua.
- * Potenciar o respecto polas distintas opinións.

ACTIVIDADE

Esta rutina de pensamento pretende activar o razoamento e a argumentación nos alumnos.

Ímonos fixar no título da novela e na portada. Cada alumno/a fará unha breve reflexión individual que anotará nun papel. Deseguido, formarán parellas e comentarán e dialogarán entre eles sobre a súa interpretación.

Máis tarde, farase a reflexión con todo o grupo e comentaranse as distintas interpretacións e puntos de vista.

ORIENTACIÓNS

Convén que o docente lles recorde aos estudantes que é necesario escoitarse e facerse preguntas mutuamente.

Unha forma de asegurar que os estudantes se escoiten entre si é chamalos individualmente para que comenten as ideas do seu respectivo compañeiro/a, en lugar de comentar os seus propios pensamentos.

ACTIVIDADE 2:

(Antes da lectura): «**FRANKENSTEIN**»

OBXECTIVOS XERAIS

- * Desenvolver a capacidade de observación.
- * Fomentar a expresión oral.
- * Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en grupo.

ACTIVIDADE

Esta rutina consiste en observar a imaxe durante 30 segundos para despois elaborar unha listaxe de dez palabras ou frases sobre o que lles suxire a imaxe. Esta listaxe elaborárase de xeito individual.



Posteriormente, farase unha posta en común co resto de compañeiros e elaborárase unha nova listaxe de xeito grupal. A nova listaxe estará formada por dez elementos que coiden importante destacar en función do que lles escoitaran aos seus compañeiros na posta en común.

ORIENTACIÓNS

O/A profesor/a debe permitir a observación da imaxe sen interrupcións e indicarlles aos alumnos que cronometrará o tempo.

Pódese traballar con toda a clase, en pequenos grupos ou de xeito individual.

ACTIVIDADE 3:

(Durante a lectura): «**MOZART**»

OBXECTIVOS XERAIS

- * Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en grupo.
- * Desenvolver a expresión oral e escrita.
- * Potenciar o gusto pola estética.
- * Aplicar técnicas dixitais.

ACTIVIDADE

No libro faise referencia á ópera *Così fan tutte* de Mozart. Nesta actividade, formaranse grupos reducidos de 4 ou 5 alumnos, de xeito que lles sexa máis fácil organizarse e establecer pautas de traballo.

Pedirase que cada grupo elabore unha presentación dixital sobre Mozart e a súa obra.

Con esta fin, poderán consultar distintas fontes de información para elaborar as súas presentacións, que terán que ir acompañadas dalgunha peza musical do mesmo autor.

Ao rematar a preparación da presentación dixital, farase unha pequena exposición diante do resto dos alumnos. Convén que non supere os 10 minutos de duración.

Despois da presentación de cada grupo, o resto dos grupos puntuará de 0 a 5 os seguintes aspectos:

ASPECTOS AVALIABLES	PUNTUACIÓN
• DESEÑO	
• ORIXINALIDADE	
• VOCABULARIO	
• EXPRESIÓN	
• CAPACIDADE DE SÍNTESE	
• FLUIDEZ	
• RECURSOS	

ORIENTACIÓNS

O/A profesor/a terá que proporcionar o tempo suficiente para que os grupos poidan preparar as súas exposicións.

O docente ten potestade para engadir outros aspectos na táboa avaliativa.

ACTIVIDADE 4:

(Durante a lectura): «**PALABRA-IDEA-FRASE**»

OBXECTIVOS XERAIS

- * Promover o hábito da lectura.
- * Potenciar a capacidade crítica.
- * Desenvolver a expresión oral e escrita.
- * Fomentar a igualdade entre sexos.

ACTIVIDADE

Para levar a cabo esta rutina de pensamento, expoñerémolles aos alumnos a afirmación que aparece no libro nunha conversación entre Nora e Max, cando Sanne lles conta que está embarazada e este lle di: «Os homes inténtano sempre. Son as mulleres as que teñen que protexerse e negarse».

Pediráselles aos alumnos que:

1. De xeito individual, seleccionen unha palabra que lles chamase a atención e unha idea e unha frase que lles suxira a afirmación.

Na aula colgaranse tres cartolinas de cores diferentes cos títulos: palabra, idea, frase.

Os alumnos poderán escribir o que seleccionaron nos papeis que pegarán na cartolina correspondente. Desta forma, farán visible o seu pensamento e poderán comprobar a diversidade de conceptos que se extraeron da afirmación.

2. En grupo: farán unha posta en común das palabras, ideas e frases. Cada alumno/a explicará por que as elixiu.
3. A partir das respostas obtidas, e entre todos, responderán:
 - * Que temas hai en común?
 - * Que interpretacións ou predicións poden extraer?
 - * Que aspectos se esqueceron na discusión de grupo? Por que?
4. Por último, reflexionarán sobre a súa nova comprensión e sobre como lles axudou esta rutina na súa aprendizaxe.

ORIENTACIÓN

A rutina Palabra-Idea-Frase ten como finalidade capturar as ideas principais dunha determinada fonte de información e buscar o seu significado desde distintos puntos de vista.

O/A profesor/a terá que dispoñer de cartolinas de distintas cores para desenvolver esta actividade.

ACTIVIDADE 5:

(Despois da lectura): «**MARY SHELLEY**»

OBXECTIVOS XERAIS

- * Reflexionar sobre aspectos sociais e históricos doutra época.
- * Fomentar a capacidade crítica.
- * Potenciar a expresión oral e a capacidade argumentativa.

ACTIVIDADE

Na novela, Nora coñece a Mary Shelley, autora do libro *Frankenstein*. Con esta actividade, preténdense xerar ideas e facilitar conexións entre elas. Para iso, propoñemos que os alumnos vexan o seguinte vídeo resumo da vida e obra da autora:

<https://links.edebe.com/akx>

A duración do vídeo é duns 27 minutos aproximadamente.

Posteriormente, pediráselles aos alumnos que:

- **Elaboren** unha lista coas ideas iniciais que lles veñan á mente relacionadas co que viron.
- **Clasifiquen** as ideas con todo o grupo e elaboren un mural onde as irán colocando máis preto ou máis lonxe do centro, en función da importancia que teñan.
- **Relacionen** as ideas que teñan algo en común mediante liñas de conexión.
- **Engadan** ideas que esqueceron ou que non se tiveron en conta e elaboren un mapa final con todas as ideas que saíron.

ORIENTACIÓNS

O/A profesor/a terá que ter preparado o material necesario para elaborar o mapa conceptual.

Ao rematar o mapa, se o/a profesor/a o considera oportuno, poderíase iniciar unha breve charla a modo de resumo.

ACTIVIDADE 6:

(Despois da lectura): **«1816: O ANO SEN VERÁN»** - Grupo de investigación

OBXECTIVOS XERAIS

- * Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en grupo.
- * Desenvolver a expresión oral e escrita.
- * Potenciar o gusto pola estética.

ACTIVIDADE

No libro faise referencia á erupción do volcán Tambora, en Indonesia, que provocou que o ano 1816 fora considerado o «ano sen verán».

O/A profesor/a organizará a clase en grupos de 4 ou 5 alumnos. Mediante a técnica de traballo cooperativo, terán que preparar un póster que servirá de resumo sobre o fenómeno e as súas causas. Despois presentarano perante os compañeiros.

Para isto, deberán planificar a tarefa e decidir como a executarán, polo que terán que distribuír as tarefas entre os membros do equipo, e deseñar os seus pósteres.

Ao rematar a presentación, expoñeranse na aula ou nalgún espazo do centro.

ORIENTACIÓNS

O/A profesor/a orientará e animará os alumnos para que sexan creativos e orixinais.